

## NOTA DE PRENSA

**Proxecto “O CAMIÑO SOSTIBLE”**, iniciativa de Dinamización que forma parte do programa “O TEU XACOBEO” impulsado pola Xunta de Galicia.

O vindeiro día 3 de Outubro a partires das 16.00 terá lugar unha xornada, xornada inicial e inaugural do proxecto de referencia, que se celebrará na Praza de Abastos de Pontecesures como ubicación de partida do proxecto.

O Camiño Sostible é unha actividade de Dinamización, e na súa esencia, un proxecto que busca dinamizar e por en valor todos e cada un dos sectores e actores parte no CAMIÑO DE SANTIAGO e a través deles e a súa interacción, a promoción do turismo e desenvolvemento local da mán dos valores do camiño e a sustentabilidade.

Con esta actividade preténdese xerar conciencia do Camiño desde e cos principais actores da actividade económica e social galega, promocionando a industria turística e dirixíndose ás distintas capas da sociedade.

Para lograr os devanditos obxectivos, traballarase dende a súa historia e realizásenne accións para a promoción económica, sustentabilidade e turismo, destacando os recursos e valores da contorna natural, patrimonial, paisaxístico e ambiental de Galicia.

Neste proxecto ademáis de charlas on line impartidas como píldoras formativas por expertos en Turismo e desenrolo local a nivel nacional, tamén haberá mesas redondas de emprendemento, onde se presentarán empresas como casos de éxito de emprendemento a traves do Camiño e dos recursos locais, e tamén neste caso, o GDR SALNES ULLA UMIA, que ademáis de informar sobor a súa actividade presentará diferentes propostas de proxectos que teñen a dia de hoxe enmarcadas nas areas da actividade económica e desenrolo rural, o Camiño e a sustentabilidade.

Tralas mesas redondas, concluirá o evento cunha breve experiencia náutica na Ruta denominada Mar de Arousa e Ulla. Esta actividade realizarase nunha embarcación de suficientes dimensións para poderen garantir tódalas medidas de seguridade covid.

Debido a situación extraordinaria que estamos a vivir, non só aplicaremos en tódalas actividades un protocolo de seguridade Covid, senón que tamén, limitaremos o aforo das accións a desenrolar.

Por este mesmo motivo, e necesario inscribirse con anterioridade a través dun formulario google forms que mais abaixo os citamos, e tamén a través da web do evento: [www.ocaminosostible.com](http://www.ocaminosostible.com).

A través deste proxecto, do que remitimos tamén cartel e programa da actividade primeira en Pontecesures, buscamos directamente por en valor e crear conciencia da necesidade dun proxecto de integración conxunta desde o Camiño e os seus valores históricos para obter obxectivos reais de desenvolvemento e promoción Turística actuais, rendibles e novos.

A súa posta en práctica expón non só un enfoque participativo senón tamén o compromiso e relación intersectorial da realidade económica e turística galega co camiño.

E necesario unir tódalas realidades do tecido galego para fortalecer a nosa historia e a súa vez, buscala a unión e a cohesión de tódolos sectores económicos, culturais e sociais galegos en pro dun ano XACOBEO 2021 mais amplo, mais activo, mais forte e mais visible.

Agradecemos a colaboración e acollida do Concello de Pontecesures e a súa activa implicación nas actividades de difusión do feito Xacobeo, fomento do emprendemento rural e traballo en pro do impulso do desenvolvemento rural e visibilidade dos seus recursos.

Atentamente,

A organización do Camiño Sostible

Albur Atlantico S.L.

**FORMATO GOOGLE FOORMS:**

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdQeZLiGeUTriVh739ax6ZC2rBk0QeSrHN1RXIUmcBtBOc2pw/viewform>

**PAXINA WEB PROXECTO :**

[www.ocaminosostible.com](http://www.ocaminosostible.com)